

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1J7	<i>Expediente</i> CON/224/2009	<i>Fecha</i> 24-11-09 13:38

Asunto

Deseño, desenvolvemento, subministración e instalación dos recursos interpretativos e expositivos para a Musealización do centro de interpretación do medio urbano e natural de Santiago de Compostela - Prego Prescripcíones Técní

PREGO DE PRESCRICÍONS TÉCNICAS PARTICULARES. CONTRATACIÓN DO DESEÑO, DESENVOLVEMENTO, SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DOS RECURSOS INTERPRETATIVOS E EXPOSITIVOS PARA A MUSEALIZACIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MEDIO URBANO E NATURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. INTRODUCCIÓN

O Centro de Interpretación do Medio Urbano e Natural de Compostela concíbese como un equipamento educativo-ambiental dirixido ao gran público e susceptible de atraelo con programas interactivos baseados en medios audiovisuais, modelos analóxicos e outros.

Situado nunha antiga curtidoría rehabilitada, o Centro de Interpretación do Medio Urbano e Natural de Compostela referirá e aproveitará, na medida do posíbel, os antigos usos industriais do edificio.

O Centro de Interpretación do Medio Urbano e Natural de Compostela perfílase como un foco de atracción para a veciñanza de Compostela e para visitantes eventuais que, aínda que acudan ao centro na procura de entretemento, aprendan divertíndose o funcionamento da cidade, a súa interacción co seu contorno natural e como nós afectamos á cidade e a cidade nos afecta a nós e desenvolvan interese por coñecelo e implicarse na prevención e solución dos problemas ambientais.

2. OBXECTO

O obxecto deste Prego é contratar por o deseño da musealización do Centro de Interpretación do Medio Urbano e Natural de Compostela, a subministración e instalación dos recursos interpretativos e expositivos para a musealización do Centro consonte coa proposta formulada e a elaboración dos contidos asociados a esta musealización.

3. ESPAZO DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN

O Centro de Interpretación sitúase na antiga fábrica de curtidos de Huidobro, no Parque de Belvís, consonte co *Proxecto Básico e de Execución* da arquitecto Alicia Noia Ansede,

Documento	Expediente	Fecha
CONT11J7	CON/224/2009	24-11-09 13:38

proxecto que as empresas e profesionais que o desexen poderán consultar no Pazo de Raxoi

As superficies útiles e construídas do Centro de Interpretación son:

	Util m²	Construída m²
Zona Administración	48,43 m ²	91,56 m ²
Aseo	1,23 m ²	
Almacén	12,88 m ²	
C. Instalacións	2,76 m ²	
Escaleiras	3,15 m ²	
TOTAIS	68,45 m²	91,56 m²

	Util m²	Construída m²
Acceso		65,12 m ²
Acceso cuberto 1	8,38 m ²	
Vestíbulo	23,18 m ²	
Punto de información	4,36 m ²	
C. Instalacións	2,17 m ²	
Sala de exposicións 1	119,28 m ²	176,90 m ²
Sala de exposicións 2	28,22 m ²	38,61 m ²
Sala de exposicións 3	64,90 m ²	94,34 m ²
Xardín interior	79,80 m ²	97,32 m ²
Sala polivalente	73,17 m ²	118,81 m ²
Asesos sala polivalente	8,10 m ²	
Aseos zona de exposicións	11,80 m ²	
Núcleo de comunicacións	15,75 m ²	
TOTAIS	439,11 m²	591,11 m²

	Util m²	Construída m²
Sala de exposicións 4	120,54 m ²	185,36 m ²
Almacén	3,74 m ²	
TOTAIS	124,28 m²	185,36 m²

	Util m²	Construída m²
RESUME TOTAIS	631,84 m²	868,03 m²

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1J7	<i>Expediente</i> CON/224/2009	<i>Fecha</i> 24-11-09 13:38

4. CONTIDOS DOS TRABALLOS QUE SE CONTRATAN

Para a realización dos traballos hanse ter en conta:

- O *Proxecto Básico e de Execución* da arquitecto Alicia Noia Ansedo no tocante á distribución, características e dimensións dos espazos.
- As liñas básicas sobre a distribución de espazos e funcionamento do Centro recollidas no documento técnico titulado *Anteproxecto de Centro de Interpretación Ambiental, Urbana e Natural de Santiago de Compostela*. As empresas e profesionais que o desexen poderán consultar *Proxecto Básico e de Execución* así como o *Anteproxecto de Centro de Interpretación* no Pazo de Raxoi
- Os criterios da Carta de Calidade de Equipamentos de Educación Ambiental elaborados pola Consellaría de Medio Ambiente.

4.1. Deseño da musealización e contidos das unidades temáticas

A musealización do Centro deberá ofrecer (a través de medios audiovisuais, gráficos, informáticos, maquetas, simulacións, decorados, reproducións.....) unha visión xeral das seguintes áreas ou unidades temáticas referidas á cidade de Santiago de Compostela:

- Orixe e evolución da cidade
- A cidade, consumidora de enerxía
- A cidade, consumidora de auga
- A cidade, intermediaria de produtos e servizos
- A cidade, produtora de materiais elaborados
- A cidade, exportadora de residuos
- A comunicación na cidade e da cidade co exterior
- Interaccións da cidade co seu contorno
- A calidade de vida na cidade
- Santiago, cidade de Galiza e de Europa
- Exposición permanente sobre o medio natural

Para a elaboración dos contidos de cada unha destas áreas tomarase como documento de referencia orientativa os Anexos I e II do *Anteproxecto de Centro de Interpretación Ambiental, Urbana e Natural de Santiago de Compostela*.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1J7	<i>Expediente</i> CON/224/2009	<i>Fecha</i> 24-11-09 13:38

Así mesmo, o proxecto incluírá tanto os elementos precisos para o aproveitamento da finca traseira, das zonas de xardíns e das características singulares do edificio da curtidoría como complemento das áreas ou unidades didácticas sinaladas anteriormente.

O deseño da musealización do Centro achegará solucións ao anteproxecto inicial e deberá conter a seguinte información:

- A definición da mensaxe expositiva do Centro, que deberá incluír a mensaxe xeral, a das áreas temáticas e como se reflicte nos diferentes recursos interpretativos e nos distintos elementos expositivos. Hanse desenvolver, do xeito máis detallado posíbel, os textos escritos ou orais que se van utilizar nos diferentes recursos e indicación do material gráfico a incluír.
- A imaxe gráfica do Centro e a súa aplicación nos espazos e recursos expositivos.
- A definición dos recursos expositivos e interpretativos a utilizar. Por recursos enténdese, en sentido global, reproducións de bens patrimoniais, maquetas a escala, soportes expositivos, audiovisuais, sistemas de comunicación multimedia, desenvolvemento de produtos de animación en tres dimensións e toda clase de elementos visuais, sonoros e tridimensionais a utilizar para transmitir a mensaxe expositiva do Centro aos seus visitantes.
- Descrición de tódolos programas informáticos interactivos (preferentemente, software libre) e audiovisuais incluíndo esquema dos guións.
- Proposta de modelo de entrega dos programas e producións sobre soportes dixitais de última xeración listos para o seu uso nas distintas unidades.
- Deseño dos equipos audiovisuais e informáticos (ordenadores, pantallas táctiles, monitores, altofalantes, amplificadores, sistemas sensores e de control remoto, cables, pequeno material, redes de subministración e calquera outros materiais informáticos, audiovisuais e semellantes, no número preciso todo eles para o correcto funcionamento das diferentes unidades.
- Deseño dos elementos que conformarán as zonas de xardíns.
- Planos de distribución e situación dos recursos expositivos e interpretativos.

4.2. Subministración e instalación dos recursos expositivos e interpretativos

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONT11J7	<i>Expediente</i> CON/224/2009	<i>Fecha</i> 24-11-09 13:38

A subministración e a instalación dos recursos expositivos e interpretativos para a musealización do Centro ha de se axustar ás características definidas no proxecto de deseño que se contrate e ao que se entende como subministración e instalación “chave en man”. Para a elaboración das súas propostas, as empresas poden tomar como referencia orientativa as que se enumeran nos Anexos I e II do *Anteproxecto de Centro de Interpretación Ambiental, Urbana e Natural de Santiago de Compostela*.

Os recursos expositivos e interpretativos teñen que ser o resultado da combinación acaída de medios audiovisuais, gráficos, informáticos, maquetas, simulacións, decorados, enxeños, reproducións..... para procurar a interacción cos visitantes, a súa participación cognitiva e atitudinal, e a consecución dos obxectivos enumerados na cláusula 4.1.

4.3. Lingua vehicular

O proxecto de musealización, os textos e contidos, imaxe gráfica, as instrucións escritas e orais dos recursos interpretativos e expositivos, os elementos de sinalización das áreas ou unidades temáticas así como calquera tipo de actuación contratada ao abeiro deste Prego realizarase en lingua galega.

5. SEGUIMIENTO

O seguimento dos traballos hase realizar pola Concellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel quen procederá ao nomeamento de técnico/a responsábel.

A empresa adxudicataria deberá estar en contacto permanente coa Concellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel e co/a técnico/a designado a estes efectos facilitando toda información que se lle requira. Así mesmo, poderá recibir as indicacións que a Consellaría considere oportunas.

Unha vez rematada a execución e despois de tódalas actuacións descritas nos apartados precedentes a empresa adxudicataria entregará á Concellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel unha memoria que constará, como mínimo, dos seguintes extremos:

- Descrición dos traballos realizados.
- Características técnicas e instrucións para o funcionamento, mantemento e conservación dos recursos expositivos e interpretativos.
- Licenzas, no caso de utilizar software propietario.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONTI1J7	<i>Expediente</i> CON/224/2009	<i>Fecha</i> 24-11-09 13:38

- Garantías xerais e específicas dos recursos expositivos e interpretativos.

6. PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo máximo de execución dos traballos obxecto desta contratación é de seis meses a partir da sinatura do contrato.

7. ORZAMENTO

O orzamento do contrato que servirá de base para a licitación ascende a un total de 232.217'70 euros IVE incluído.

Neste prezo haberá que incluír todos aqueles gastos precisos para a definición e realización dos traballos contemplados neste prego, así como para a subministración e instalación dos recursos interpretativos e expositivos propostos, incluídos os relativos ao material e persoal necesario e ao alugueiro de maquinaria, servizos, subministracións, elaboración de contidos e deseño e edición dos soportes gráficos.

8. DEREITOS DE PROPIEDAD

O Concello de Santiago de Compostela poderá utilizar tódalas ideas achegadas pola empresa adxudicataria ou só unha parte delas, adquirindo, ademais a titularidade de tódolos dereitos sobre e as ideas e contidos incluídos na proposta seleccionada, que non se poderán empregar ou utilizar sen autorización expresa da Administración.